

Novas da Xunta de Galicia

Está vostede en [Inicio](#) » [Novas da Xunta de Galicia](#)

Busca

busca textual

Áreas temáticas

[Agricultura e gandería](#)

[Comunicación](#)

[Cultura](#)

[Economía e industria](#)

[Educación](#)

[Emigración](#)

[Exteriores](#)

[Goberno galego](#)

[I+D](#)

[Igualdade e benestar](#)

[Lingua](#)

[Medio Ambiente](#)

[Pesca](#)

[Sanidade](#)

[Territorio e transporte](#)

[Traballo](#)

[Turismo](#)

[Vivenda](#)

[Xustiza](#)

[Xuventude](#)

A Secretaría Xeral de Comunicación manifesta a súa vontade de recuperar as torres alemás de Cospeto

- » O Goberno galego traballa xunto co Ministerio de Defensa na definición dun convenio que permita a rehabilitación das instalacións
- » Fernández Iglesias destacou que se pretende recuperar e recoñecer unha infraestrutura “de gran valor patrimonial e tecnolóxico”
- » Estúdase aproveitálas para o servizo TDT na Terra Chá, para levarlles a radio aos mariñeiros, ou ben para mellorar a telefonía móbil na zona

Santiago, 18 de abril 2008.- A Secretaría Xeral de Comunicación manifestou hoxe a súa vontade de recuperar as torres alemás de Cospeto (Lugo). Así o avanzou o director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel José Fernández Iglesias, durante unha visita ás instalacións, na que puido comprobar de primeira man o estado das mesmas. Na súa visita ao concello lugués, Fernández Iglesias estivo acompañado por representantes da Inspección de Telecomunicacións do Goberno estatal, así como polo director xerente de Retegal, Jesús García Porto.

Segundo destacou o director xeral de Comunicación Audiovisual, a acción a desenvolver “perseguirá a recuperación e recoñecemento dunha infraestrutura de gran valor patrimonial e tecnolóxico”. Fernández Iglesias expresou o empeño da Secretaría Xeral de Comunicación a prol da recuperación da infraestrutura, acción que se desenvolverá en colaboración co Ministerio de Defensa, titular das torres. Así, ambos os departamentos, o autonómico e o estatal, xa traballan na definición dun convenio que permita a rehabilitación das instalacións.

Recuperación e posta en valor

A mellora das torres, tal e como a conciben ambas as administracións, pasaría por recuperar a explicación histórica do que representaron na contenda mundial, así como por avaliar a utilidade destas grandes antenas para o transporte de servizos de telecomunicacións. O obxectivo último, tal e como indicou Fernández Iglesias, pasa por recuperar as instalacións para que os visitantes poidan coñecer a historia a través destas construcións

Arquivo de noticias

Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
			17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Ligazóns

[Arquivos de imaxes](#)

Fonte

[Presidencia](#)

[Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar](#)

[Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza](#)

[Consellería de Economía e Facenda](#)

[Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes](#)

[Consellería de Educación e Ordenación Universitaria](#)

[Consellería de Innovación e Industria](#)

[Consellería do Medio Rural](#)

[Consellería de Cultura e Deporte](#)

[Consellería de Sanidade](#)

[Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos](#)

[Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible](#)

[Consellería de Traballo](#)

[Consellería de Vivenda e Solo](#)

mediante vídeos que se proxectarán no mesmo lugar. Entre os posibles usos que se estudan para as torres atópase aproveitálas para o servizo TDT na Terra Chá, para levarlles a radio aos mariñeiros, ou ben para mellorar a telefonía móbil na zona.

Neste sentido, o director xeral explicou que desde o departamento que dirixe Fernando Salgado se estudarán futuras utilidades do emprazamento valorando o seu potencial como centro de radiocomunicacións, como laboratorio de probas e certificación radioeléctrica ou como centro de interpretación da evolución histórica das comunicacións por ondas de radio.

A Secretaría Xeral de Comunicación dá así resposta as demandas dos radioaficionados que pedían ao Goberno galego a protección dos tres grandes radiofaros que o Tercer Reich alemá instalou en 1940 na Terra Chá lucense como sistema de posicionamento de localización de submarinos e avións no atlántico.

A infraestrutura

As antenas suman un total de 112 metros e coñécense como as antenas de Hitler ou as Torres do Arneiro. Son os últimos vestixios dun primitivo sistema de radiocalización (predecesor do GPS) europeo, do que se beneficiaron igualmente os británicos para as súas operacións bélicas. Máis recentemente, ata os anos 70, as torres de Cospeito prestaron servizo á aviación civil.

Data: **14:36 - 18/04/2008**

Áreas temáticas: [Área de Comunicación](#) | [Área de Goberno Galego](#)

Fonte: [Presidencia](#)